



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO “PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS” DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.EXPTE. 2174/2024.

ASISTENTES:

Presidente: D. José Carlos Vidal Suárez, alcalde.

Secretario: D. Vicente Pérez Millán, funcionario interino administrativo de Administración Xeral.

Vogais:

D. Adrián J. Márquez Caramés, secretario en réxime de acumulación. (Asiste telematicamente)

D. Faustino J. Villamorlglesias, interventor titular municipal.

D. Emilio A. Caínzos Quintás, técnico de Administración Xeral. (Asiste telematicamente)

Reunidos na alcaldía do Concello da Pobra do Caramiñal, o día 24 de xullo de 2024, ás dez horas, previa a súa convocatoria reúnese a mesa de contratación para a apertura do sobre B, que contén a documentación administrativa e a documentación suxeita a criterios de adxudicación avaliábeis mediante xuízos de valor para a súa valoración. A sesión da mesa para este acto estaba convocada inicialmente para o día 23 de xullo de 2024, ás dez horas, ao non ser posible conectarse á Plataforma de Contratación do Sector Público por problemas técnicos da propia plataforma acordouse pospoñer a reunión e celebrala no día de hoxe.

O expediente de contratación aprobouse pola resolución da alcaldía de data 04-07-2024, publicándose na Plataforma de Contratación do Sector Público na data de 05-07-2024 o anuncio de licitación xunto cos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas e demais documentación preceptiva.

Durante o prazo hábil presentáronse as seguintes empresas á licitación:

<u>Empresa</u>	<u>CIF</u>
1. EULEN, S.A.	A28517308
2. IVAN JOSÉ FIDALGO BOO	5293928K
3. SERVIZO DE FORMACIÓN GALEGO E SALVAMENTO	B70255260

Compróbase que as tres empresas presentadas presentan a declaración responsable esixida, cláusula 10ª, a empresa EULEN S.A. e IVAN JOSÉ FIDALGO BOO están inscritas no ROLECE, e SERVIZO DE FORMACIÓN GALEGO E SALVAMENTO consta inscrita no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, polo que se admiten ao procedemento.

Procédese á apertura do sobre B que contén a documentación suxeita a criterios de adxudicación avaliábeis mediante xuízos de valor, presentando a seguinte:





**A POBRA
DO CARAMIÑAL
CONCELLO**

Empresa	CIF
1. EULEN, S.A.	A28517308
2. IVAN JOSÉ FIDALGO BOO	5293928K
3. SERVIZO DE FORMACIÓN GALEGO E SALVAMENTO	B70255260

A mesa de contratación, acorda:

Primeiro.- Admitir ao procedemento ás tres empresas presentadas:

Empresa	CIF
1. EULEN, S.A.	A28517308
2. IVAN JOSÉ FIDALGO BOO	5293928K
3. SERVIZO DE FORMACIÓN GALEGO E SALVAMENTO	B70255260

Segundo.- Remitir o expediente xunto co sobre B á Técnica de Medio Ambiente para que proceda á valoración do sobre B, de conformidade cos criterios que constan no PCAP e no Prego de Prescricións Técnicas, co carácter urgente dado o prazo do inicio do servizo que se licita, elevando á mesa a súa proposta para que na vindeira reunión se proceda á valoración definitiva do sobre B e á apertura do sobre C, e se proceda á elevar a proposta de adxudicación á favor da oferta que presente a mellor relación calidade prezo.

Terceiro.- Publicar esta acta na Plataforma de Contratación do Sector Público.

O presidente da por rematada a reunión 11 horas e para que quede constancia do tratado, redáctase a acta por min o secretario, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

Na data da súa sinatura dixital

A mesa de contratación

